



DOCUMENTOS NECESARIOS PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Fotocopia do DNI do alumno/a ou certificado de nacemento.
- Fotocopia completa do libro ou libros de familia.
- Certificado de matrícula do curso actual.
- Fotocopia da solicitude de admisión unha vez cuberta.
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e o convenio regulador onde conste a custodia do menor, de darse o caso.

Acreditación de irmás/irmáns matriculados no centro

- Fotocopia da resolución da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar (no caso de menores en situación de acollemento)

Acreditación de nai ou pai, titora ou titor legal que traballe no centro educativo

- Documento acreditativo expedido polo propio centro educativo

Acreditación do domicilio familiar na área de influencia do centro ou na área limítrofe

- Certificado do Padrón municipal expedido no ano actual (antigüidade no padrón mínima dun ano) Se non coincidise o domicilio familiar co fiscal, deberá presentar a seguinte documentación complementaria:
 - Copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar.
 - Contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa solicitante na vivenda declarada como domicilio familiar.

Acreditación do lugar de traballo da nai, pai ou titor/a legal na área de influencia do centro ou na área limítrofe

- Por conta allea: contrato de traballo no que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.
- Por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT no que conste o enderezo do centro de traballo, ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigada a estar de alta no dito censo.
- Administracións públicas: certificado da unidade persoal no que conste o enderezo do centro de traballo.

Acreditación da renda anual da unidade familiar

- Autorización do pai, nai ou titores legais para a comprobación, por parte da Administración Educativa, do domicilio fiscal e da renda da unidade familiar, asinada coa solicitude de admisión. No caso de non facer a declaración da renda terán que presentar un Certificado de Imputaciones del I.R.P.F. do 2021.

Acreditación da condición de familia numerosa

- Fotocopia do título oficial de familia numerosa en vigor ou do carné familiar galego ou da copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

Acreditación da condición de familia monoparental

- Certificado de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.

Acreditación da condición de discapacidade

- Certificado do ditame sobre discapacidade igual ou superior ao 33% no alumno/a, pai, nai, titor/a legal ou irmáns emitido polo órgano competente da Administración pública.
- Xustificante de cobro dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou dunha pensión equivalente de Clases Pasivas

Acreditación do expediente académico para o acceso ao BACHARELATO

- Fotocopia das cualificacións de 3º da E.S.O.

Acreditación da violencia de xénero

- Atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente

Acreditación vítima de terrorismo

- Atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente

Acreditación do criterio complementario

- Fotocopia das cualificacións dos dous cursos anteriores ao actual.